



GUÍA DIDÁCTICA DO TRABALLO FIN DE MASTER

MESTRADO UNIVERSITARIO
“INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA
DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS”¹

Facultade de Educación e Traballo Social.
Campus Universitario das Lagoas. 32004 Ourense
Tlfno- 988387187
pinod@uvigo.es

CAMPUS DE OURENSE
FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL

¹ Ao amparo da Normativa para a realización do Traballo de Fin de Máster da Universidade de Vigo (aprobada no Consello de Goberno o 15 de xuño de 2016 e modificado o 13 de novembro de 2018 e o 31 de outubro de 2022).

ÍNDICE

REQUISITOS XERAIS E COMPETENCIAS

O TEMA DO T.F.M

O ENFOQUE DO T.F.M

TIPOLOXÍAS E ESTRUTURA ORIENTATIVA DO T.F.M.

- Opción profesionalizante
- Opción investigación empírica
- Opción investigación teórica

O FORMATO DO TFM

PROCEDEMENTO PRESENTACIÓN, DEFENSA E REVISIÓN DO TFM

A AVALIACIÓN DO TFM

EXPOSICIÓN E DEFENSA PÚBLICA DO T.F.M

OUTROS ASPECTOS

ANEXOS

A presente guía didáctica desenvólvese ao amparo da Normativa para a realización do Traballo de Fin de Máster da Universidade de Vigo (aprobada no Consello de Goberno o 15 de xuño de 2016 e modificada o 13 de novembro de 2018 e o 31 de outubro de 2022). Todos os aspectos non regulados nesta guía rexeranse para a súa resolución na normativa previamente citada.

1. REQUISITOS XERAIS E COMPETENCIAS

Os TFM serán orixinais, e permitirán demostrar o dominio que o/a estudiante posúa sobre o tema ou problema proposto. Recordámossos que as competencias básicas que deben alcanzarse nesta materia son as seguintes:

- Capacidade de integrar os contidos formativos e a adquisición de competencias vinculadas ao Máster.
- Adquirir instrumentos conceptuais e metodolóxicos que faciliten a análise e a reflexión sobre as prácticas profesionais relacionadas co tratamiento da diversidade, en especial daquelas que posúan un alto grao de innovación.
- Utilizar as novas tecnoloxías en contextos de investigación.
- Planificar e organizar traballos tutelados, coa capacidade de buscar e analizar información procedente de diferentes fontes, obter e analizar datos, e elaborar con corrección un informe.
- Realizar estudos sistemáticos, sobre todo relacionados coa mellora de prácticas educativas relacionadas coa diversidade
- Ser capaz de defender oralmente o traballo Fin de Máster con claridade e organización.

2. O TEMA DO TFM

O tema do TFM poderá estar relacionado, pero non necesariamente, con algún problema identificado no contexto institucional no que foi realizado o Practicum. Neste sentido, a utilidade do traballo será un criterio a considerar na avaliación do TFM.

3. O ENFOQUE DO TFM

O enfoque desde o que se aborda o problema pode ser diverso e ter diferentes obxectivos; por exemplo:

- Avaliación dalgún aspecto profesional do Servizo ou Institución onde se realizaron as prácticas.
- Deseño/avaliación dun programa de intervención, suficientemente detallado como para poder ser aplicado. Deberá ter en conta a perspectiva da diversidade abordada no Mestrado.
- Aplicación e avaliación dun programa de intervención.
- Estudo de casos
- Perfís profesionais
- Outros

4. A ESTRUTURA DO TFM

- O alumnado pode elixir entre tres posibilidades á hora de enfocar e estruturar o TFM: a opción profesionalizante; a opción de investigación empírica; e a opción de investigación teórica.

Opción profesionalizante (programas e/ou recursos)

Trátase de desenvolver unha proposta de actuación educativa ou socioeducativa nun contexto específico, a partir do estudo diagnóstico desa realidade. Esta modalidade debe incluír o deseño e/ou implementación e avaliación dun proxecto (ou recursos/materiais) nun ambiente profesional ou o desenvolvemento e avaliación dun proxecto ou recurso xa existentes. É importante lembrar que este tipo de orientación inclúe obrigatoriamente algún tipo de investigación empírica, coa que se apoia ben o deseño (e/ou implementación) dun programa/recurso, ben a súa avaliación. Non se considera TFM un simple deseño de programas ou materiais.

Guión orientativo.

Introdución. Presentación do documento, os seus obxectivos/ xustificación da elección, interese persoal ou académico do tema, comentar a estrutura e contidos do traballo e outras cuestiós.

1. Marco teórico e estado da cuestión. Buscar documentación sobre o tema que xustifique o seu interese. Localizar e analizar brevemente outros programas/recursos xa implantados, así como algúns estudos e investigacións relacionados co tema. Toda esta información é un paso previo e afectará ao deseño/implementación/avaliación do programa ou recurso obxecto do TFM.

2. Análise do contexto Realizar unha análise de necesidades aportando os resultados sobre a avaliação diagnóstica da situación. Para iso, será necesario recoller datos e analizalos, presentar os resultados e describilos. No caso en que o programa non se aplique, esta parte do traballo será a única na que se desenvolverá o estudio empírico, polo que debe ser amplio e exhaustivo.

3. Proposta de intervención (a partir do estado da cuestión e da análise do contexto):

- 3.1. Obxectivos xerais e específicos
- 3.2. Metodoloxía
- 3.3. Actividades (descripción do seu tipo, con algunha exemplificación; as actividades detalladas deben ir en anexo)
- 3.4. Recursos (humanos, materiais, ...)
- 3.5. Cronograma
- 3.6. Plan e instrumentos de avaliação

4. Resultados da avaliação do programa (no caso de ter aplicado a intervención), coa recollida e análise dos datos correspondentes, ou fortalezas/beneficios previstos do programa (de non terse aplicado). A avaliação pode ser de diverso tipo: dos resultados nos usuarios, do grao de satisfacción, ou do propio programa como proposta.

5. Conclusiós (se procede)

6. Propostas de mellora (tendo en conta os resultados da avaliação si se aplicou, ou simplemente como se pode mellorar a proposta no caso en que non se aplicase)

7. Reflexiós finais (dificultades atopadas no traballo, competencias adquiridas en relación ao título e outras consideracións de interese)

Referencias bibliográficas

Anexos (de ser o caso)

Opción de investigación empírica (cuantitativa ou cualitativa)

Proposta de investigación sobre un campo concreto. Responde a unha iniciativa que inclúe un marco teórico, unha hipótese e/ou obxectivos de investigación, cunha parte empírica cos seus resultados, discusión e conclusóns. Esta modalidade debería incluír metodoloxías e técnicas básicas de investigación (tipoloxía de investigación, selección e uso de instrumentos/ ferramentas para capturar información, así como a análise e interpretación dos datos).

Guión orientativo.

Introdución. Presentación do documento, os seus obxectivos/ xustificación da elección, interese persoal ou académico do tema, comentar a estrutura e contidos do traballo e outras cuestiós.

1. Marco teórico e estado da cuestión. Revisión de bibliografía, estudos e investigacións sobre o tema.
 2. Obxectivos (e hipóteses, se procede)
 3. Metodoloxía e deseño de investigación (indicar e xustificar e/ou argumentar de que tipo de investigación se trata)
 - 3.1. Participantes (ou mostra)
 - 3.2. Instrumentos de recollida de datos/información
 - 3.3. Procedemento (pasos seguidos para a obtención/recollida dos datos)
 - 3.4. Análise de datos (procedemento e tipo de análises)
 4. Resultados Presentación sistemática da información (pódense incluír táboas, esquemas, figuras, debuxos, ...) e descripción desta.
 5. Conclusiós
 6. Reflexións finais (dificultades atopadas no traballo, competencias adquiridas en relación ao título e outras consideracións de interese)
- Referencias bibliográficas
- Anexos (de ser o caso)

Opción de investigación teórica

Afondamento sobre un concepto teórico específico ou temática de interese para o título. É un estudio teórico que implica unha análise conceptual comparativa ou crítica, como base para discusión ou presentación sobre un tema en profundidade. Esta opción debe incluír unha ampla revisión bibliográfica sobre o tema de estudio e debate en relación aos referenciais teóricos explícitos e coñecementos dispoñibles. Inclúense dentro desta orientación a investigación histórica, a investigación documental, a investigación comparada, etc.

Guión orientativo.

Introdución. Presentación do documento, o tema de estudio, os seus obxectivos/ xustificación da elección, interese persoal ou académico do tema, comentar a estrutura e contidos do traballo e outras cuestiós.

1. Presentación do tema de estudio e propósito/obxectivo da investigación.
2. Marco teórico e estado da cuestión. Revisión de bibliografía, estudos e investigacións sobre o tema.
3. Organización e análise da información. Argumentación crítica.
4. Conclusiós
5. Reflexións finais (dificultades atopadas no traballo, competencias adquiridas en

relación ao título e outras consideracións de interese).

Referencias bibliográficas

Anexos (de ser o caso)

5. FORMATO DO TFM.

- Idioma: galego, castelán ou inglés.
- Extensión ao redor de 80.000 caracteres (excluíndo espazos). Non se inclúe nesta extensión a portada, índice, resumo, referencias bibliográficas e anexos.
- Debe evitarse incorporar como anexos información que non sexa substancial para o traballo, limitándose a aqueles que poidan resultar estritamente necesarios.
- Espazo interlineal 1,5; marxe 2,5 superior e inferior e 3,3 (na marxe de encadernado) e 3 no exterior; fonte 12 (Arial, Times New Roman ou similar) para os títulos principais do corpo do TFG empregar maiúscula e negriña, subtítulos de 1º nivel en negriña e cursiva para o 3º nivel (con numeración arábiga); citas textuais, táboas, figuras, ... tamaño inferior. Utilizar sangría, de 1,25, para a primeira liña ao iniciar o parágrafo ordinario ou se se escolle o estilo de parágrafo moderno empregar espazado posterior de 1,25.
- Resumo, máximo 200 palabras en galego, español e inglés.
- Palabras chave, nos respectivos idiomas (entre 3-6).
- A portada debe incluír: (1) Logotipos da Universidade, da Facultade e do Mestrado. (2) Nome do Mestrado. (3) Nome da alumna ou alumno. (4) Nome da titora ou tutor. (5) Lugar, mes e ano da súa defensa.
- O TFM incluirá un índice indicando o número de páxina. Tamén o corpo do traballo debe ser debidamente paxinado.
- Os símbolos, siglas ou nomenclaturas deberán indicarse por extenso a 1ª vez coa abreviatura entre paréntese ou incluir un índice destes, aínda que estean normalizados.
- As táboas, figuras, debuxos,..., de existiren, contarán con títulos e serán citadas no corpo do texto ademais e, de ser necesario, levarán péz explicativos.
- As notas a pé de páxina, de existiren, numeraranse consecutivamente. As referencias bibliográficas non se aceptan como notas a pé de páxina.
- Referencias bibliográficas, ó final do TFM, incluiranse nunha listaxe todas as obras que se mencionaron na memoria do TFM. Presentaranse por orde alfabética, referenciadas segundo a normativa APA ou outra normativa estandarizada. Tódalas citas bibliográficas (textuais ou non) que se inclúan no texto do traballo deben ter a súa correspondencia nas "Referencias bibliográficas", sen incluir ningunha que non fose citada no corpo do TFM.
- Os anexos que inclúan información complementaria, de existiren, irán á parte ao final do TFM (non formarán parte do corpo do traballo), preferentemente numerados.

6. PROCEDIMENTO PRESENTACIÓN, DEFENSA E REVISIÓN DO TFM

Aspectos a ter en conta polos-as implicados-as:

a) Titor/a

No caso de presentarse o alumno-a e dentro do prazo establecido (ver información facilitada pola coordinación na Web do Mestrado e en FAITIC):

“Emitir informe de conformidade” na secretaría virtual.

b) **Alumnado** (ver a información facilitada en Faitic na materia do TFM)

- A partir do momento en que o tutor-a faga o informe favorable na Secretaría virtual, e dentro do prazo establecido, o alumno-a entrará na súa secretaría virtual e marcará a materia en “TFM matriculado” para cubrir tódolos datos a partir de “Ir a solicitude de defensa”.
- Subir a súa secretaria virtual o arquivo dixital do TFM en pdf, que non poderá superar o peso de 4 MB .
- Entregar, ademais, o seu TFM de xeito dixital en Faitic, nun único arquivo pdf, neste caso a través do apartado "Exercicios". Antes de subir a internet este ficheiro debe nomearse do seguinte modo:

1º apellido_2º apellido_Nome_TFMDIVERSIDADE

Exemplo: Suarez_Cid_Nuria_TFMDIVERSIDADE

- Presentación e defensa ante o tribunal na data establecida.

c) Tribunal

- Cumprimentar a documentación requerida no desenvolvemento do proceso (tanto en soporte papel coma dixital).
- Avaliar ao alumnado en base ás esixencias establecidas para os TFM.
 - No caso do/a secretario-a (por delegación do presidente/a):
 - Comprobar na secretaría virtual, nos días anteriores a presentación, o listado de alumnos/as e a disponibilidade das actas individualizadas, de ser o caso, comunicar a secretaría de posgrao/coordinación de TFM as incidencias.
 - Custodiar durante o proceso a documentación.
 - Cumprimentar a rúbrica de cualificación do tribunal (Anexo I), de cada alumno-a, e entregalas na secretaría de estudiantes de posgrao.
 - Entregarlle copia impresa/dixital a coordinación de TFM da relación de estudantado presentado coas súas cualificacións e demais información (Anexo II), para que a suba a Faitic a materia do TFM.
 - Cumprimentar, imprimir, asinar as Actas individualizadas do estudantado e entregalas, como máximo no prazo de 2 días, na secretaría de estudiantes de posgrao
 - Respecto a entrega de documentos na secretaría debe lembrarse que se ten que aportar cada Acta individualizada acompañada coa respectiva rúbrica que motiva a cualificación.

SOBRE A REVISIÓN DO TFM

Calquera dos membros do tribunal poderá facer a revisión do TFM.

Na data e hora establecida o/a alumno/a poderá acudir a revisión da cualificación outorgada ao seu TFM e solicitar un comprobante da revisión (no caso de que decida reclamar ante o tribunal deberá axuntar a copia).

Trala revisión, o alumnado desconforme coa cualificación poderá presentar escrito na Secretaría de Posgrao unha reclamación dirixida á-ao Presidenta-e do tribunal correspondente (indicando nome e apelidos da-o Presidenta-e e nome do mestrado), no prazo de 2 días hábiles, indicando na solicitude, de forma expresa e motivada, os



aspectos concretos do TFM que fundamentan a discrepancia coa cualificación outorgada. O Tribunal avaliador resolverá motivadamente no prazo de 10 días hábiles en período lectivo e entregará o documento coa resposta ao persoal de Apoio a Centros para que o remita ao-á alumno-a correspondente.

Trala reclamación da cualificación ante o tribunal correspondente, o/a estudiante que estivese desconforme coa decisión do tribunal pode, nun prazo de quince días naturais solicitar, a revisión da proba a través do Centro, presentándoa na Secretaría de Estudantes. No caso de non superar o tfm na 1ª edición ou posteriores tanto o tutor-a coma o alumno-a deberán volver realizar todo o proceso para xerar unha nova solicitude.

7. A AVALIACIÓN DO TFM

A avaliación do TFM realizarase en primeira instancia pola titora ou tutor académico, que dará “o seu visto e prace”, para proceder á súa defensa pública oral ante un tribunal constituído por tres profesores/as do Máster.

O tribunal emitirá unha puntuación entre 0-10 puntos tendo en conta os criterios reflectidos na seguinte rúbrica de avaliação:

		En todos los casos colocar la puntuación numérica correspondiente según cumplimiento del criterio			
		Suspenso	Suficiente	Notable	Sobresaliente
		0 - 4,9	5 - 6,9	7 - 8,9	9 - 10
Traballo escrito (ata 7 puntos)	Presenta unha estrutura coherente, unha redacción apropiada e corrección lingüística. Atópase un desenvolvemento lóxico e unidade discursiva dentro de cada apartado.				
	O tema/tópico obxecto de estudio está adecuadamente xustificado e enmarcado no contexto da titulación				
	A fundamentación teórica delimita os tópicos implicados no problema e identifica o estado da cuestión.				
	Os obxectivos son coherentes co tema/problema. O método deseñado é axeitado (instrumentos, análise de datos)				
	A presentación, descripción, ilustración e interpretación dos resultados é coherente, comprensible e está orientada a consecución dos obxectivos.				
	A información dos autores/as está citada e referenciada segundo normas APA.				
	As conclusións e discusión son coherentes cos obxectivos/preguntas de investigación/hipótese e cos resultados obtidos				
Presentación oral (ata 3	Os contidos presentados reflexan a importancia de cada parte e están ben organizados.				
	A exposición é clara, cunha linguaxe apropiada e un emprego axeitado dos recursos de apoio empregados.				
	Responde axeitadamente ás cuestión formuladas polos membros da comisión de avaliação.				
	Puntuación total Σ de puntuacións en cada criterio				

8. EXPOSICIÓN E DEFENSA PÚBLICA DO TFM

A exposición e defensa pública terá unha duración aproximada de 15 minutos. Os criterios que serán tidos en conta na avaliación son os reflectidos na rúbrica do punto 7: Os contidos presentados reflexan a importancia de cada parte é están ben organizados; A exposición é clara, cunha linguaxe apropiada e un emprego axeitado dos recursos de apoio empregados.

9. OUTROS ASPECTOS

Cabe resaltar que os TIPOS DE TRABALLO incluídos nas “Orientacións para o Traballo Fin de Master” teñen un carácter orientativo. Poden considerarse positivas outras variantes sempre que sexan coherentes e pertinentes ao problema que se analiza.

Recordar que o “Afondamento sobre un concepto teórico específico de interese para ou Título” é considerada unha orientación adecuada incluída na opción de investigación teórica.

Cada estudiante ten dereito ao recoñecemento da autoría do traballo de fin de máster elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse coas persoas titoras, coas cotitoras e coas entidades públicas ou privadas ás que pertenzan, nos termos e condicións previstas na lexislación vixente. A persoa titular dos dereitos poderá autorizar a difusión do seu traballo no repositorio institucional da UVigo; debendo, no caso de varias persoas titulares, todas elas estar de acordo na dita autorización.



ANEXO I- CUALIFICACIÓN DO TFM POLO TRIBUNAL

CURSO ACADÉMICO:.....

ALUMNA/O:.....

MEMBROS DO TRIBUNAL:

Presidenta/e:

Secretaria/o:.....

Vogal:.....

CRITERIOS		En todos los casos colocar la puntuación numérica correspondiente según cumplimiento del criterio			
		Suspensivo	Suficiente	Notable	Sobresaliente
		0 - 4,9	5 - 6,9	7 - 8,9	9-10
Trabajo escrito (ata 7 puntos)	Presenta una estructura coherente, una redacción apropiada e corrección lingüística. Atópase un desenvolvimiento lógico e unidad discursiva dentro de cada apartado.				
	O tema/tópico objeto de estudio está adecuadamente justificado e enmarcado en el contexto de la titulación				
	A fundamentación teórica delimita los tópicos implicados en el problema e identifica el estado de la cuestión.				
	Los objetivos son coherentes con el tema/problema. El método diseñado es apropiado (instrumentos, análisis de datos)				
	A presentación, descripción, ilustración e interpretación de los resultados es coherente, comprensible y está dirigida a la consecución de los objetivos.				
	La información de los autores/as está citada y referenciada siguiendo las normas APA.				
	Las conclusiones y discusión son coherentes con los objetivos/preguntas de investigación/hipótesis y los resultados obtenidos				
Presentación oral (ata 3)	Los contenidos presentados reflejan la importancia de cada parte y están bien organizados.				
	La exposición es clara, con una lengua apropiada y un uso adecuado de los recursos de apoyo empleados.				
	Responde adecuadamente a las preguntas formuladas por los miembros de la comisión de evaluación.				
	Puntuación total Σ de puntuaciones en cada criterio				

ANEXO II- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DO TFM, CUALIFICACIÓN PROVISIONAL E REVISIÓN

CURSO ACADÉMICO:.....

TITULACIÓN:.....

CONVOCATORIA: 1^a 2^a Extr

Sendo as horas do dia..... de de, constitúese o Tribunal Avaliador do TFM, na aula desta Facultade.

Membros integrantes:

Presidenta/e:

Secretaria/o:.....

Vogal:.....

Cualificacións Provisionais

En sesión pública, con datade de
....., fixeron a presentación e defensa dos *Traballos Fin de Mestrado* os seguintes
alumnos/as:

Revisión de cualificaciones (comunicar preferentemente con 48 horas de antelación):

Día de de 201.....

Horario: de a horas. Lugar da revisión:.....
.....

ANEXO III

COMPROBANTE DE REVISIÓN DA CUALIFICACIÓN DO TFM

(baixo petición do/a alumno/a)

CURSO ACADÉMICO:.....

TITULACIÓN:.....

CONVOCATORIA: Xuño Xullo Extraordinaria

MEMBRO/S DO TRIBUNAL QUE FIXO A REVISIÓN:.....

Lugar, data e hora da revisión:.....

Apelidos e nome	Sinatura e DNI alumno-a	Sinatura profesor-a
OBSERVACIÓNS:		